

REQUISITOS

Os requisitos deberán cumprirse na data de peche das actas de cada un dos semestres anteriores.

- 👁️ Para a realización das Prácticas Tuteladas, o alumnado deberá ter superados:
 - Os tres primeiros cursos da titulación (180 créditos) se van realizar as prácticas no 2º semestre.
 - Os tres primeiros cursos da titulación (180 créditos) e as materias obrigatorias de 4º curso se van realizar as prácticas no 1º semestre.

Non obstante, o alumnado que solicite algunha bolsa que lle esixa estar matriculado de todas as materias que lle resten para rematar os estudos, poderá realizar unha matrícula condicionada no período ordinario de matrícula. Esta matrícula condicionada só dará dereito ás Prácticas Tuteladas se cumpre en prazo os requisitos esixidos. De non se cumpiren, a Unidade de Xestión Académica procederá a anular de oficio a matrícula desta materia.

CALENDARIO

Cada curso académico

- 👁️ Período **SETEMBRO – FEBREIRO** e período **FEBREIRO - XULLO**.

Calendario: antes do inicio de cada semestre, **publicarase na web do centro** o calendario correspondente.

Calendario Prácticas Tuteladas

PREINSCRICIÓN NO CENTRO

- 👁️ **Preinscrición:** farase no **Xestor Prácticas Tuteladas**

dentro do prazo fixado no calendario de cada quenda que se publicará na web do centro.

MATRÍCULA

- 👁️ **Matrícula:** farase na Unidade de Xestión Académica Sur (UXA SUR).

LISTAXES DE ADMITIDOS

Publicación no taboleiro do Decanato e web do centro nas datas fixadas no calendario de cada curso académico.

Os solicitantes figurarán ordenados segundo a *nota media* do expediente (R.R. do 03 de outubro de 2011 para valoración de expedientes académicos do Sistema Universitario Galego). Os datos de *nota media* serán **actualizados ata o momento da súa publicación**.

En cada semestre:

- 👁️ **Listaxe provisional de admitidos**

- 👁️ **Listaxe definitiva de admitidos/as**

OFERTA E ELECCIÓN DO CENTRO

O alumnado terá acceso á oferta de Centros Ópticos e Optométricos e, ás prazas do Servizo de Optometría da USC, unha vez sexa publicada a lista definitiva de admitidos/as.

- 👁️ **Oferta:** O alumnado poderá visualizar a oferta de Centros Ópticos e Optométricos, así como o Servizo de Optometría da USC, a partir do día da publicación da lista definitiva de admitidos/as.

- 👁️ **Asignación de destino:** **farase por rigorosa orde de nota media** no día fixado no calendario de cada semestre. O alumnado deberá ter feita a selección de centros con anterioridade ao momento de asignación.

O día de adxudicación dos centros, darase a documentación que obrigatoriamente deberán entregar na man ao Óptico/a Titor/a.



FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela (Spain)
Tfno. 881813510 – Fax 881813534

PRÁCTICAS TUTELADAS GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA

INCORPORACIÓN AO DESTINO

👁️ Incorporación: o día de incorporación figurará no calendario de cada semestre.
O horario será a **TEMPO COMPLETO DE LUNS A VENRES (35 horas semanais, 257 h. totais)**
Na primeira semana de prácticas o alumnado entregará ou enviará por correo con acuse de recibo ao Decanato os documentos 1, 2 e 3.

SEGUIMIENTO E CONTROL DAS PRÁCTICAS

👁️ **Control d o cumprimento horario:** realizarao o/a óptico/a titor/a e profesorado da Comisión de Seguimento de Prácticas Tuteladas (control telefónico aleatorio) ao longo da duración das prácticas.
O **estudantado deberá estar sempre acompañado polo/a titor/a responsable**, xa que en ningún caso poderá facer prescricións ou venda, polo tanto o horario do alumnado deberá coincidir co do/da seu titor/a.
O/a estudante **non poderá reproducir por ningún medio e en ningún caso prescricións optométricas**, dado que nelas figuran datos persoais do paciente (*Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*)

AVALIACIÓN

MEMORIA DE PRÁCTICAS TUTELADAS:

[Modelo Memoria](#)

Características: exemplar impreso, anónimo: sen datos do/da autor/a

Entrega: na Secretaría do Decanato.

A memoria deberá ir acompañada dun sobre pechado que conterá: NOME, APELLIDOS e DNI do/a estudante.

No momento da entrega asignarase o mesmo código á memoria e ao sobre pechado coa identificación.

A memoria **podará enviarse por correo certificado dentro do prazo** establecido

Valoración do/da Óptico/a Titor/a:
deberá enviarse ao **Decanato na última semana antes do remate das prácticas.**

CONDICIÓN LEGAIS DE REALIZACIÓN PRÁCTICAS

👁️ **Seguro escolar obligatorio e de responsabilidade civil:** o estudantado en prácticas deberá ter formalizada matrícula da materia **Prácticas Tuteladas** antes do comezo das prácticas, para que a cobertura do seguro escolar obligatorio quede garantida.

👁️ **Convenios** asinados entre a USC e o CNOO VI rexión, Servizo de Optometría, Grupo Multiópticas, Grupo General Óptica, Grupo Federópticos e Solóptical.

Toda a información actualizarase na [Web do Centro](#) > [Guía do alumno](#) > [Grao Óptica e Optometría](#) > [Prácticas Tuteladas](#) as listas de admitidos/as publicaranse no *taboleiro do Decanato* e na web do centro en [Facultade Óptica e Optometría](#)